

## PLENO

**ACTA 2023/07 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO  
CONCELLO DE OROSO DO 14/06/2023.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 9:30 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE).
- 4 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Lidia López Gándaras (PP).
- 8 Silvia Suárez García (PP).
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 10 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 11 María Teresa Cendal Iglesias (OR).
- 12 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión o Sr. Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Non asiste o interventor da corporación. Non asiste a Concelleira D<sup>a</sup>. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE),

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

1 Aprobación das actas do Pleno da Corporación.

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 25/05/2023. Acta 06/2023.

O Sr. Alcalde procede a declarar aberta a sesión. Seguidamente procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1 Aprobación das actas do Pleno da Corporación.

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 25/05/2023. Acta 06/2023.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 06/2023 da sesión ordinaria do 25/05/2023 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación se algún ten que facer algún tipo de observación.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen quere dicir a modo de despedida tendo en conta que este é o derradeiro pleno da lexislatura que quere pedir desculpas por se nalgún momento o ton non foi o axeitado aínda

## PLENO

que considera que nos derradeiros dos anos as cousas nese sentido foron ben e houbo un bo talante por parte de todos os concelleiros. Quere igualmente dar os parabéns ao candidato do PP polo seu resultado nas pasadas eleccións locais e considera que é unha demostración que a vontade do pobo triunfou ante o “establishment” do goberno. Esperamos que o novo goberno responda á confianza e igualmente os que quedan na oposición, é un traballo mais escuro, pero tamén lles desexo que fagan un bo traballo.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) que igualmente sinala que xa tivo ocasión de despedirse dos concelleiros que non continúan, na derradeira sesión ordinaria do pleno, volver entón a reiterar o seu agradecemento especialmente a Silvia e desexarlle sorte a todos os concelleiros que non continúan na corporación.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que quere dar as grazas a todos os concelleiros que non seguen na corporación e o que está claro é que o ton foi bo dentro de que non podemos pensar todos igual e a discrepancia é normal pero sempre sen faltas de respecto e sen insultos que algún houbo.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que quere darlle os parabéns ao grupo que gañou as eleccións e que en todo caso é a decisión do pobo e a respectan e que dende a oposición realizarán o seu traballo.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen quere pedir perdón se decepcionou a alguén, dar as grazas aos concelleiros que non seguen e en canto ao novo goberno xa teremos tempo de falar del.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: doce ( 5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos )

Apróbase a acta nº 06/2023 da sesión ordinaria do Pleno do 25/05/2023 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Neste intre o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 09:34 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente  
Luís Rey Villaverde

O Secretario  
Federico Suárez Cancelo.